



**CEIP PLURILINGÜE DE
COVAS**

AULA DE 4 ANOS



CONCIENCIA FONOLÓXICA:

Unha maneira na que os nenos de infantil se preparan para ler, é dándose conta das palabras, rimas e sílabas que escoitan todos os días, e xogando con elas. Isto chámase conciencia fonolóxica.

Canto máis desenvolvan estas habilidades de "pre-lectura", máis preparado estará o seu fill@ para o reto de aprender a ler.





NESTA PRESENTACIÓN TEDES:

1) IDEAS PARA TRABALLAR A CONCIENCIA FONOLÓXICA (PÁX 4 Á 10)

2) ENLACES A XOGOS (PÁX 11)



1) ESCOITAR

Unha boa conciencia fonolóxica comeza cando os nenos detectan sons, sílabas e rimas nas palabras que escoitan. Lea frecuentemente en voz alta ao seu fillo. Escolla libros que riman ou que repitan o mesmo son. Dirixa a atención do seu fillo cara ás rimas: "camión, caixón, tropezón Todas estas palabras riman. ¿Escoita que case soan igual?"


Tamén axuda destacar os sons repetitivos. Por exemplo, se está lendo "un peixe, dous peixes, tres peixes, peixe vermello...), pida ao seu fillo que escoite o son /pppp/ en "peixe" (ao principio alongue os sons). Intente destacar outras palabras co son /pppp/ en outros momentos ademais de cando leu o libro.



2) ENFOCARSE NAS RIMAS

Pida ao seu fill@ que seleccione as palabras que riman nos libros. Pregúntelle: "¿Escoitaches unha palabra que rime con (zorro)"?

Ensíñelle e practiquen xuntos rimas infantís. Ou pronuncie catro palabras curtas como "pan, gato, pato, rato". Vexa se el pode seleccionar a palabra que non rima.



3) SIGA O RITMO

Ensine ao seu fill@ a reconhecer as sílabas dando palmadas por cada "ritmo" que escoita nas palabras.

Digamos que selecciona a palabra (elefante).

Pronuncie a palabra sílaba por sílaba, e-le-fan-te, e dá palmadas consecutivas por cada sílaba.

Tamén pode facer que se levante e que zapatee ou salte por cada sílaba.



4) XOGAR ÁS ADIVIÑAS

Os xogos de adiviñanzas como "Veo veo" poden usarse para practicar case todas as habilidades fonolóxicas.

¿Desexa practicar o percibir os sons iniciais? Intente "Veo veo, algo vermello que comeza con /s/".

¿Desexa practicar rimas? "Estou a tomar algo quente que rima con 'fe'".



5) CANTAR

Cantar é unha maneira excelente para que os nen@s fagan rimas. Existen moitas cancións e CD que se centran especificamente nas habilidades da conciencia fonolóxica e fonémica. Pode buscar máis cancións sobre conciencia fonolóxica en liña.




6) CONECTAR SONS

Mesturar sons é unha habilidade importante para os lectores principiantes. Eles necesitan xuntar as unidades de son, fonemas, para poder ler unha palabra sen problemas.

Pídalle que conecte o comezo do son co resto da palabra. Por exemplo, dígalle "comeza con /p/ e engade /a/n/. ¿Qué palabra escoitas se as unes?".

7) SEPARAR PALABRAS



Faga que o seu fill@ escoite palabras e as separe. Comece usando palabras compostas como UNICORNIO, BALONCESTO, TELARAÑA...Dígalle, "di a palabra 'UNICORNIO'. Agora elimina 'UNI' (UN). ¿Qué palabra queda?"


Tamén pode practicar usando pezas de LEGO. Entregue ao seu fillo dúas pezas de LEGO unidas para representar partes da palabra. Despois faga que separe as pezas mentres elimina parte da palabra.



XOGOS!!!



VOGAIS



CONSONANTES



RIMAS



CONTEO DE SÍLABAS



VOGAIS



FONEMAS M/P



**MOITAS
GRAZAS!**

